



Retraso nunha citación para realizar un TAC a un paciente oncológico no CHUO

Expediente: I.5.Q/2900/20

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2020

Estimado Sr. [REDACTED]:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente ao retraso nun TAC a un paciente oncológico no CHUO.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que:

“CHOU Hospital de Ourense

“Reclamo el enorme retraso sufrido en la prueba diagnóstica TAC a D. [REDACTED]. Ante la suspensión del tratamiento de quimioterapia a mediados de marzo del presente año, la prueba TAC fue solicitada por la oncóloga que atiende a D. [REDACTED], y a día de hoy, 7 de mayo, todavía no se le ha citado para la realización de la misma.

Esta es la tercera vez que tengo que reclamar la realización de la prueba diagnóstica TAC.”

Ante iso requirimos informe á Consellería de Sanidade que xa nolo remitiu. En dito informe indícase esencialmente o seguinte:

“En relación coa queixa presentada ante esa Institución por Don [REDACTED] e unha vez recibida información previa da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, compre informar que ao paciente foille realizado o TAC o 18 de maio de 2020.”

## ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer a seguinte consideración:

As citacións para a realización das probas diagnósticas que precisan os doentes deben de facerse respectando o tempo estipulado polo facultativo que indica as devanditas probas como así se reflicte no artigo 5.4 da Lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

## CONCLUSIÓN

Tras a investigación realizada na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe da citada consellería, dedúcese que a Administración afectada comprobou o problema que motivou a súa queixa e adoptou as medidas adecuadas para resolvelo de xeito que fixou a cita para o TAC o día 18 de maio de 2020.

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente sen prexuízo de reabrilo a súa instancia pola aportación de novos datos ou circunstancias.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo